

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A FUNDACIÓN GALICIA SUSTENTABLE PARA O DESENVOLVEMENTO DUN SISTEMA DE SEGUIMENTO DE OBXECTIVOS E CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DO TERRITORIO

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Fundación Galicia Sustentable o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Fundación Galicia Sustentable para o desenvolvemento dun sistema de seguimento de obxectivos e contribución ao desenvolvemento sostible do territorio.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia Turismo de Galicia, é a entidade pública instrumental da Xunta de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

Segundo.- Que o Plan Estratéxico do Turismo 2020, establece como Reto 1: o territorio é o espazo de desenvolvemento da actividade turística, sinalando que desenvolver todo o potencial dos recursos de Galicia, que permiten construír un destino único e diferencial, artellado ao redor dunha Marca: Galicia. A sostibilidade do destino será o fío condutor na construción das liñas estratéxicas que se contemplan:

1. Paisaxe, recursos naturais e sostibilidade
2. Valores diferenciais e a súa potenciación
3. Mobilidade turística



4. Os camiños de Santiago como dinamizadores do país

En consecuencia, a celebración do Ano Santo Xacobeo no ano 2021 constitúe para a Comunidade Autónoma de Galicia unha oportunidade de potenciación de Galicia, así como de promoción e de reforzo da dimensión internacional dos Camiños de Santiago e da propia Comunidade, e leva aparelado un amplo despregamento de actuacións en distintos ámbitos.

A organización deste evento supón a planificación, programación e desenvolvemento de actuacións en materia de cultura, educación, turismo, sanidade, protección civil, patrimonio, infraestruturas, etc.

Aos efectos de organizar o Xacobeo 2021 elaborouse un Plan Estratéxico.

Terceiro.- Que a Fundación Galicia Sustentable é unha fundación privada de interese galego, constituída o 26 de decembro de 2008.

A Fundación ten como finalidade xeral o aproveitamento do potencial de Galicia e as súas xentes cara a sustentabilidade desenvolvendo os potenciais dos individuos e colectivos a través das súas accións, actividades e proxectos.

Segundo se establece no artigo 7 dos seus estatutos para a consecución dos seus fins a fundación organizará e levará a cabo actividades do seguinte tipo, entre outras:

- Actividades formativas, de divulgación do concepto da sustentabilidade tales como ciclos de conferencias, seminarios, cursos e congresos.
- Organizar actos públicos para a concienciación e para enviar mensaxes a prol da sustentabilidade á sociedade civil.
- Actividades culturais no marco da sustentabilidade como exposicións, concertos, charlas de divulgación cultural, ciclos de cine ou proxeccións puntuais de películas e documentais.
- Asesorar a institucións de carácter público e privado con competencias ou actuacións estratéxicas que poidan ter efectos sobre a sustentabilidade.
- Participar en proxectos de I+D+i que fomenten, profunden ou traten de facer unha contribución cara a sustentabilidade, en particular no referido á ordenación do territorio.
- Apoiar, a través da transferencia de coñecemento, iniciativas empresariais e proxectos de emprendedores que impulsen, difundan e favorezan coas súas actividades a sustentabilidade de Galicia.



(...)

Cuarto.- A medición é o primeiro paso para o control e a mellora. Fai tempo que a xestión empresarial ven buscando e mellorando sistemas e métodos que permitan obter a información necesaria para facilitar a toma de decisións ante un escenario global cada vez máis complexo. Existen múltiples exemplos dos beneficios da implementación de indicadores estratéxicos xa que, por exemplo, a información almacenada ademais de servir oportunamente para a toma de decisións e xestión cotidiana permite prognosticar resultados de novas accións ao dispoñer da información de procesos anteriores.

Os territorios continúan unha irreversible evolución cara sistemas cada vez máis complexos nos que, o seu desenvolvemento e función, xa non depende unicamente da súa capacidade e infraestrutura física senón, cada vez máis, da posibilidade de favorecer a innovación xerando a infraestrutura para o coñecemento social. Neste novo marco, coñecer os efectos das accións derivadas da xestión do territorio ten unha importancia vital para aprender a tomar mellores decisións, especialmente no nivel da planificación estratéxica.

Cada territorio debe definir un modelo de desenvolvemento e xestión en función das súas propias características, entre as que o emprazamento e orixe é fundamental. Unha vez definido o modelo, a medición e toma de datos, é a ferramenta básica que nos permitirá ofrecer a información necesaria para tomar, en todo momento, coñecemento e consciencia da súa situación.

Un adecuado sistema de indicadores permite tomar decisións operativas para manter a evolución desexada. Ao mesmo tempo ofrecen información para a administración e monitorización, aproximándonos á avaliación continua sobre o grado de cumprimento dos obxectivos, sectoriais e integrados, que nos formulemos, mediante a medición dos impactos directos e indirectos da toma de decisións.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

